

Xornadas

Arte + espazo público

As xornadas distribuiranse ao longo deste ano 2009, nos meses de **abril, maio, xuño, setembro, outubro, novembro e decembro.**

As datas serán concretadas na páxina web

Máis información e inscrición en:
www.consellodacultura.org
actividades@consellodacultura.org

COORDINADORA:
MARÍA LUÍSA SOBRINO

ORGANIZA:
CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SECCIÓN DE CREACIÓN
E ARTES VISUAIS
CONTEMPORÁNEAS

LUGAR:
CONSELLO DA CULTURA GALEGA



Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro s/n
15705 Santiago de Compostela

T 981 957 202
F 981 957 205

Arte + espazo público

Abril – decembro de 2009
Consello da Cultura Galega

A relación que se establece entre arte e espazo público é unha das cuestións máis importantes da creación contemporánea. A súa conexión e vinculación directa cos estratos políticos e sociais, así como urbanísticos e económicos, seguen a presentar unha ampla e complexa posición de conflito que precisa constantemente de novas estratexias de análise. Despois da edición do informe *A arte nos espazos públicos*, realizado polo Consello da Cultura Galega no ano 2000, viamos necesario realizar unha contextualización e debate desta problemática, xa que tanto as numerosas investigacións, experiencias e programas de arte pública, como as novas orientacións de tendencias da creación actual cara ao territorio, converten en necesaria a súa discusión nun proceso aberto de actualización e estudo.

Desde esta perspectiva preséntase o proxecto **Arte + espazo público**, unhas xornadas de traballo que temos a intención de realizar sucesivamente ao longo deste ano 2009, cun programa mensual que consta dunha conferencia e unha posterior mesa de debate, xerando unha expectativa de continuidade do proxecto e potenciando a construción procesual da súa análise. Nestas xornadas pretendemos establecer unha visión ampla e pluriperspectiva dos aspectos derivados do diálogo entre arte e espazo público, para ofrecer un lugar de debate —o Consello da Cultura Galega— onde confrontar diversas opinións dos diferentes axentes implicados, desde responsables de programas, da historia da arte, da crítica, do comisariado, do urbanismo ou da xeografía, ata o público cidadán.

A nosa intención é xerar un programa onde a participación dunha serie de profesionais de ámbito internacional se complementa con axentes do ámbito galego, coa finalidade de redactar e publicar un informe final sobre a situación actual da arte nos espazos públicos, e máis concretamente no caso galego.

PROGRAMA DAS XORNADAS

Abril Día 22

Arte + espazo público:
Contextualizar a cidade.
Desde a arquitectura e o urbanismo.
Marcos dunha problemática

SIMÓN MARCHÁN
CATEDRÁTICO DE ESTÉTICA
E TEORÍA DAS ARTES NA
FACULTADE DE FILOSOFÍA DA UNED

Maio Día 13

Arte + espazo público:
Programar a cidade

SOPHIE HOPE
COFUNDADORA DO PROXECTO B+B
(LONDRES)

Xuño Día 30

Arte + espazo público:
Planificar a cidade

FRANCESC MUÑOZ
PROFESOR DE XEOGRAFÍA
URBANA NA UNIVERSIDADE
AUTÓNOMA DE BARCELONA
E DIRECTOR DO OBSERVATORIO
DA URBANIZACIÓN

Setembro Día 24

Arte + espazo público:
Activar a cidade

NELSON BRISSAC
FILÓSOFO E ORGANIZADOR
DO PROXECTO ARTE/CIDADE
(SÃO PAULO)

Outubro Día 21

Arte + espazo público:
Sinalizar a cidade
ROGELIO LÓPEZ CUENCA
ARTISTA VISUAL

Novembro

Arte + espazo público:
Idear a cidade
FRANÇOIS SCHUITEN
DEBUXANTE DE BANDA DESEÑADA

Decembro Día 17

Arte + espazo público:
Galicia